

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 76

ano 12

maio-xuño 2018

A Segunda República en Ourense (III) **GIL ROBLES E ACCIÓN FEMENINA GALLEGA**

“Conociendo el excelente espíritu que a Vds. animan, no he de dolerme siquiera del telefonema un poco duro que me pusieron con motivo de la suspensión del mitin, ya que me hago cargo de que es su legítima impaciencia por celebrar un gran acto de propaganda”.

As anteriores palabras extraíse da carta enviada por José María **Gil Robles**, líder nacional da *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA), a Sabina Albizu de Valcárcel, representante do comité de *Acción Femenina Gallega* en Ourense. O motivo da misiva era a cancelación do **mitin** que ía realizar aquel na cidade en **maio de 1934**.

O non desenvolvemento do acto propagandístico en 1934 xerou unha certa **tristeza** entre o sector feminino da dereita católica ourensá. A preparación do acto, orquestrada por *Acción Popular* ourensá (AP) e polo seu líder, Carlos **Taboada Tundidor**, veuse abaixo por diversos motivos políticos de alcance nacional que se tratan no número 75 de *Fron da*.


A tristura e a impaciencia, reflectida nas palabras anteriores, teñen a súa orixe dous anos atrás. En xaneiro de 1932, a *Unión Regional de Derechas* (URD) de Santiago de Compostela invitou a Gil Robles a dar unha **conferencia** nesa cidade e outra en Ourense. A organización e xestión do mitin na cidade das Burgas correu a conta da *Junta Católica de Señoras*, formada por mulleres relevantes dos círculos sociais do Ourense da época.

A difusión do evento, previsto para o 17 de xaneiro, foi eficaz: numerosas peticións de reserva para o acto chegaron desde todos os puntos da provincia. Mais o día 14, o **Gobierno Civil** da Coruña cancelou o acto de Santiago de Compostela por motivos de seguridade, aínda que había intereses partidistas por detrás: as formacións republicanas non querían un acto de dereitas dunha magnitude tan importante como o previsto.

Mentres, os actos previstos en Ourense (recepción, banquete...) fóronse anulando. E, finalmente, o mitin cancelouse na súa totalidade, alegándose alteracións na orde pública; poñendo de exemplo o apedramento, o día antes do mitin, da **casa da Marquesa de la Atalaya Bermeja**, lugar onde se ía a hospedar o líder de

AN, por radicais anticatólicos. Mais detrás desta suspensión atopábase o *Partido Republicano Radical* (PRR), organización forte na cidade que conseguiu a **orde de cancelación**.

Tiveron que pasar **catro anos** para que Gil Robles, convertido xa no líder das masas católicas do país, dese un mitin na cidade das Burgas por mor das eleccións lexislativas de febreiro de 1936.



1934, maio, 8. Madrid.

Carta de Gil Robles a Sabina Albizu de Valcárcel, presidenta de Acción Femenina Gallega en Ourense, disculpándose por la suspensión del mitin previsto en Ourense.

Papel, escritura mecanografiada; castelano; 21,5 x 27,5 cm.

AHPOu, Carlos Taboada Tundidor, C. 24111/43 (09).

A reorganización non republicana

A chegada da Segunda República en abril de 1931, tras a **vitoria republicana** das eleccións municipais do 12 dese mes, consideradas por este sector como un plebiscito, foi un **imprevisto** para as organizacións **dereitistas** e monárquicas. **Distanciadas e divididas**, ademais de asolagadas polo ímpeto inicial do sector republicano, non foron capaces de crear unha fronte común que impedise o cambio do réxime político e o exilio voluntario de **Afonso XIII**, dándose inicio á Segunda República española (1931-1936).

Entre finais de 1931 e 1933, comézanse a organizar as forzas políticas contrarias ao novo réxime, caso do *Partido Agrario Español* (PAE), de *Acción Nacional-Popular* (AN-AP)- xermolo da futura *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA)- ou de *Renovación Española* (RE), formación monárquica chave no Ourense do momento. Esta dereita non republicana controlou a política ourensá durante os derradeiros anos do réxime republicano.

Mais non só naceron partidos ou organizacións políticas exclusivamente masculinas; a República permitiu o nacemento de **formacións femininas**, de carácter político, independentemente da tendencia que fosen.

Acción Femenina Gallega

Unha das primeiras organizacións políticas galegas femininas e de dereitas foi o **Comité Femenino de Acción Ciudadana Gallega** (ACG) de Ourense. Este comité converteuse na primeira sección autónoma de carácter feminino dentro dunha plataforma política.

A súa andaina iniciouse o 9 de xaneiro de 1932, tras publicar un **manifiesto** asinado por máis de corenta mulleres pertencentes ás familias máis importantes do conservadorismo ourensán (Sabucedo Morales, Guitián ou Taboada). Nel facían unha férrea defensa da familia tradicional, do catolicismo e da unidade da patria. Realizaron certas manifestacións públicas nunca vistas até a época, caso do seu **proceder autónomo** na organización da errada visita de Gil Robles de 1932. Aínda así, o seu papel centrouse en certas **actividades sociais** e estiveron limitadas sempre polas decisións tomadas dende ACG e, despois de 1933, dende AP.

Outra formación, nada o 2 de marzo de 1932 en Ourense, foi **Acción Femenina Galega** (AFG), que estivo fortemente ligada ao **Comité Femenino** de ACG, e que tivo unha **orientación católica** máis forte. A ligazón de amba as dúas organizacións ten a súa orixe en 1932. Moitas das militantes destas asociacións femininas, caso da Marquesa de Atalaya Bermeja, primeira presidenta de AFG, formaron parte do **Comité de señoras pro conferencia Gil Robles**. Este comité foi o encargado dos preparativos do mitin que, finalmente, non se produciu en Ourense en xaneiro de 1932.


No fondo de Carlos Taboada Tundidor podemos confirmar esta xunta organizadora grazas á correspondencia do político ourensán con María Andino de Zarauza,

referente nas posteriores organizacións femininas.

A prensa local, caso de **La Región**, fixo fincapé na constitución de organizacións políticas femininas non como unha cousa anómala, senón como un chamamento aos homes conservadores para que se aliasen e creasen, en similar liña, un partido político católico, forte e común.

Ese partido non existía porque a realidade era outra. *Acción Ciudadana Gallega* (ACG), nada dentro do réxime republicano, non era máis que unha plataforma política xurdida do **Círculo Católico** ourensán. Ademais a política da provincia estaba controlada polos monárquicos adeptos á figura de José Calvo Sotelo, líder de **Unión Monárquica Nacional** (UMN).

Pola súa vez, o *Partido Republicano Radical* (PRR) ourensán, liderado polo heterodoxo párroco **Basilio Álvarez** até 1935, aglutinou na cidade a gran parte dos católicos republicanos, aínda que **perdeu apoios** ao longo dos cinco anos do réxime republicano.



Carta enviada por María Camba, presidenta da Xunta de Acción Femenina da Gudiña a María Andino de Zarauza en 1933.
AHPOu, Carlos Taboada Tundidor, C 24111/43 (05)

Co nacemento de AP en Ourense e a chegada á xefatura provincial desta de Carlos **Taboada Tundidor** (1933), as asociacións católicas e anteriormente non republicanas admiten agora a **vía accidentalista** da nova formación e concéntranse ao redor deste partido, caso do **Comité Femenino** de ACG como de *Acción Femenina Gallega* (AFG). O papel destas asociacións tórnase máis relevante en toda a provincia, como se reflicte no feito de que Gil Robles envíe unha carta a **Sabina Albizu de Valcárcel**, e a súa posición será máis forte nos anos finais da Segunda República.

A misiva entre o líder da CEDA e a dirixente de AFG, Albizu de Valcárcel, atópase no fondo documental *Carlos Taboada Tundidor* do AHPOu. Esta carta, xunto cunha numerosa **correspondencia** do líder provincial de AP durante a súa etapa como deputado en Cortes (1933-1935), deuse en doazón ao AHPOu en 2011, a través de Carlos Palao Taboada, herdeiro do anterior.

galicia

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arg.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA

Texto: Carlos Lozano González, D.L. OU 67/2006, ISSN 2659-3491